



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de maio de 2023 (1445/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de maio de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(357)- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión acta da sesión ordinaria do 11 de maio de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(358).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN UNICEF PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO HUMANITARIO EN SIRIA. EXPTE. 250247/301.

Visto o informe de fiscalización do 09/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 28.03.2023 e 12.04.2023 (Docums. Núms. 230077319, 230077320 e 230087084) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria, co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e ó desenvolvemento dos/as nenos/as e as súas familias, afectados polo terremoto do mes de febreiro de 2023, garantíndolles o acceso ós servizos básicos de auga, saneamento, hixiene e saúde.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 13.04.2023, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.



Concello de Vigo

- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023.

III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccdtes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Na actualidade, UNICEF segue a traballar en Siria para protexer os dereitos dos nenos/as e as súas familias afectados/as polo conflito armado e os efectos catastróficos derivados do terremoto do mes de febreiro deste ano, procurando garantir a súa supervivencia.

III.3. Tal como se indica no proxecto presentado este ano por UNICEF:

«Esta acción, coordinada entre UNICEF y demás aliados en Siria, pretende dar apoyo a la población afectada por el terremoto en Siria y así, poder satisfacer las necesidades humanitarias urgentes en materia de agua, saneamiento e higiene y nutrición de los niños y las niñas. Para ello, entre otras acciones, UNICEF instalará letrinas móviles, distribuirá agua potable en tanques, así como kits de agua e higiene familiares y suministros nutricionales esenciales (como galletas energéticas) para cubrir las necesidades de una población que ya estaba en una situación humanitaria crítica antes del terremoto...».

III.4. O Plan de resposta ó terremoto de UNICEF en Siria ten como obxectivo: *“llegar a 5,4 millones de personas, incluídos 2,6 millones de niñas y niños”.*

III.5. O obxectivo xeral do Proxecto que se pretende subvencionar polo Concello de Vigo é: *“Contribuir en el cumplimiento del derecho a la supervivencia y desarrollo de la población afectada por el terremoto en Siria asegurando el acceso a suministros esenciales de emergencia”.*

III.6. O obxectivo específico perseguido é o de prever as enfermidades transmisibles pola auga a través do acceso á auga limpa, o saneamento e a hixiene axeitada, ademais de cubrir as necesidades básicas de nutrición entre a poboación afectada polo terremoto.

III.7. As actividades incluídas no proxecto «*Terremoto en Siria: Resposta ás necesidades humanitarias da infancia en Siria. Subministros esenciais de WASH e nutrición*» desagreganse do seguinte xeito:

- *“Actividad 1.1 - Provisión, suministro y mantenimiento de agua potable y de agua para usos domésticos con medidas de racionamiento.*
- *Actividad 1.2 - Distribución kits de agua potable, saneamiento e higiene.*
- *Actividad 1.3 - Provisión, distribución y mantenimiento de suministros para gestión de residuos y saneamiento como por ejemplo letrinas para eliminar las excretas.*
- *Actividad 1.4 - Adquisición y suministros nutricionales, como galletas de alto contenido energético y suplementos de micronutrientes para los niños y niñas, así como para las madres embarazadas y lactantes; promover la lactancia materna y las prácticas de alimentación de lactantes y niños pequeños”.*

III.8. O orzamento estimado por UNICEF para levar a cabo este concreto proxecto humanitario, que se enmarca dentro do Plan inmediato de resposta de UNICEF para Siria (172,7 M\$), é de 10.000€ (DEZ MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo (páx. 14 do Proxecto).

III.9. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de UNICEF por esa mesma cantidade (10.000€) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.



Concello de Vigo

III.10. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade / incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.11. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e auto-responsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, reconece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.12. O proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF estaría en coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da “*Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo*” (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»), como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.13. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.14. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria co que se pretende dar apoio á poboación afectada polo terremoto do mes de febreiro de 2023 e satisfacer as necesidades humanitarias urxentes en materia de auga, saneamento e hixiene e nutrición dos nenos e as nenas e as súas familias, de acordo co documento e a proposta presentadas ó Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF: «*Terremoto en Siria: Resposta ás necesidades humanitarias da infancia en Siria. Subministros esenciais de WASH e nutrición*», co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e desenvolvemento da poboación afectada polo terremoto en Siria, garantindo o acceso a subministros esenciais de emerxencia.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: o Plan de resposta ó terremoto de UNICEF en Siria ten como obxectivo chegar a 5,4 millóns de persoas, incluídos 2,6 millóns de nenos e nenas.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007, que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («*Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior*»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2023 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade, o país e o proxecto ó que se destinan (“*Remittance Advice*”).
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en New York, onde se acredita a recepción dos fondos e se reflicte o tipo de cambio (“*Official Receipt*”).
- Certificado da subvención recibida asinado pola dirección executiva de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.

En xuño de 2024 entregarase, ademais, o informe narrativo anual da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2023.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia



Concello de Vigo

Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(359).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10018/113.

Visto o informe de fiscalización de data 12/05/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/05/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de diverso material consumible informático, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/12/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 13/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 5.206,62 €, dende o 1 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	partida/proxecto	base	ive	total
2023	Repastos de informática non inventariables	9207.2211200	24.793,38 €	5.206,62 €	30.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- Con data do 17 de marzo de 2023 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 2 de febreiro de 2023), adoptou a seguinte resolución:

“Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de marzo de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. neste procedemento”.



Concello de Vigo

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 acordou *“excluír da presente licitación a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas”*.

Contra este acordo, o 27 de febreiro de 2022, D^a. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., interpuxo recurso de alzada.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 27 de febreiro de 2022 por D^a. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113).

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe”.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.	100,00
2	OTEMAR 2020, S.L.L.	82,68
3	TEDITRONIC, S.L.	77,22
4	VASCO INFORMÁTICA, S.L.	45,84

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. (B-27.832.831), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP:

- *A cláusula 8.1 do PCAP esixe que “Para participar neste procedemento os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Dado que o licitador non figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nin no Rexistro de Contratistas da*

Comunidade Autónoma de Galicia, deberá acreditar ter presentado a solicitude de inscrición no Rexistro de Contratistas correspondente xunto coa documentación preceptiva para ela, sempre que a dita solicitude teña data anterior á data límite de presentación do ofertas (a acreditación desta circunstancia realizarase achegando o xustificante de recepción da solicitude expedido polo Rexistro correspondente, e unha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido solicitude de rectificación).

- *A documentación esixida no cláusula 8 do PCAP.*
- *Acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

Sexto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023, acordou o seguinte:

“Presentada a documentación por parte de FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. a Mesa comproba que, por un lado, non presenta documentación suficiente para entender acreditada a solvencia técnica e que, por outro lado, a solicitude de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ten data do 10 de abril de 2023, quedando a mesma, de xeito máis que evidente, fora do prazo de presentación de ofertas que rematou o 20 de febreiro de 2023.

Se ben a falta de acreditación da solvencia técnica sería emendable, a falta de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores non é emendable polo que se considera que, en virtude do artigo 150.2 da LCSP, o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentou o requirimento no prazo sinalado ao efecto polo que procede requirir a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas. Así, á vista do acordo de clasificación de data 23 de marzo de 2023, por unanimidade dos asistentes, acórdase requirir a OTEMAR 2020, S.L.L. para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. *Acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
2. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.*
3. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.*



Concello de Vigo

4. *Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), conforme ao modelo incluído no Anexo IV do PCAP.*
5. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC do PCAP.*

Sétimo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, OTEMAR 2020, S.L.L., o día 28 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida os días 5 e 9 de maio, dentro do prazo concedido.

Oitavo.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar OTEMAR 2020, S.L.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OTEMAR 2020, S.L.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación do 23 de febreiro de 2023 polo que se excluíu deste procedemento a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do*

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2. *Adxudicar a OTEMAR 2020, S.L.L. (B-01.620.566) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113) por un prezo máximo de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,62 euros e cunha porcentaxe de desconto do 12,5% a aplicar aos prezos unitarios dos consumibles que conforman os Grupos I, II e III do punto 4 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(360).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO CONTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”. EXPTE. 1373/441.

Visto o informe de fiscalización de data 12/05/2023, dáse conta da propota da Mesa de Contratación realizada o 11/05/2023, que di o seguinte

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura” (1.373-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura” (1.373-441)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 314.915,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539 6090066 (Accesibilidade Ramón Nieto a Fonte Oscura), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	900.000,00€
2023	914.513,63 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 101,61%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil,

para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1.373-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,15
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00
3	CIVISGLOBAL, S.L.U.	87,25
4	ORECO BALGÓN	83,39

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Trátase dun contrato susceptible de ser cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o 20 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de maio, dentro do prazo concedido. Rematado o prazo, 8 de maio presenta novamente o anexo IV do PCAP.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de maio de 2023 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 31 de marzo e 14 de abril de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura” (1.373-441) por un prezo total de 1.730.138,74 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 300.272,01 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dun contrato susceptible de ser cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(361).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 5640/611.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2023 e o informe de fiscalización do 12/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 24/04/2023, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 23 de xaneiro de 2023
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado na plataforma de contratación.
- Memoria económica de data 1 de febreiro e modificada 24 de febreiro de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 3 de febreiro de 2023 (operacións nº 202300009850
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de febreiro de 2023 correxido con data 27 de febreiro de 2023.
- Memoria xustificativa, de data 6 de febreiro de 2023, correxida con data 14 de abril relativa aos seguintes extremos:



Concello de Vigo

- A xustificación do procedemento elixido rexerese polo disposto no artigo 159. 6 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
 - Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 27 de febreiro do 2023..
 - Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 27 de febreiro de 2023, correxido con data de 19 de abril

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 23 de xaneiro de 2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviado(art. 159.6 LCSP), o ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada **CONTRATO DE SERVICIOS PARA O MANTENIMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27 de febreiro de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 19 de abril de 2023.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **59.271,27 euros con iva, sendo o IVE 10.286,76 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.



Concello de Vigo

DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

Período	Aplicación orzamentaria	Distribución en anualidades euros con IVE parte fixa	Distribución en anualidades euros con IVE parte variable	Distribución en anualidades euros con IVE parte fixa + parte variable, con IVE.	Meses
01/05/2023 31/12/2023	3420 2279907	11.850,16 €	1.321,23 €	13.171,39 €	8
2024	3420 2279907	17.775,24 €	1.981,85 €	19.757,09 €	12
2025	3420 2279907	17.775,24 €	1.981,85 €	19.757,09 €	12
01/01/2026 30/04/2026	3420 2279907	5.925,08 €	660,62 €	6.585,70 €	4
total		53.325,72 €	5.945,55 €	59.271,27 €	36

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2279907“mantemento equipos e aplicacións informáticas” importe 14.735,84 € e bolsa de vinculación 3420 2270001 servizos extr. COVID importe 5.022,00 euros.”

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(362).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26218/332.

Visto o informe xurídico de data 05/05/2023 e o informe de fiscalización do 12/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 04/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de setembro de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións eléctricas dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinada pola xefa do Servizo de Educación, de data 12/09/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 13/09/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e Anexo, de data 02/03/2023, redactados pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración das redactoras do PPT, de data 02/03/2023.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación e polos concelleiros de Educación e de Orzamentos e Facenda, asinada o 23/03/2023.
- Documentos contables RC 202300039110 e RCFUT 39111, por importes de 24.372,18 e 121.860,88 euros respectivamente, de data 27/03/2023.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro de Educación o 02/05/2023.
- Informe de data 04/05/2022 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/05/2023, redactado pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O mantemento integral das instalacións eléctricas dos Colexios Públicos, Escolas Municipais e outros centros dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que se recollen no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas (65 centros en total).

Duración: A duración do contrato será de tres anos; existindo a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 48.744,35 euros (40.284,59 €, máis 8.459,76 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 146.233,06 € (120.853,77 € máis 25.379,29 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.213.0002 "Mantemento eléctrico".

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 02/03/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 04/05/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 146.233,06 euros (120.853,77 € máis 25.379,29 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0002 "Mantemento eléctrico", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de xuño a decembro): 24.372,18 euros;
- Anualidade 2024: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2025: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2026 (de xaneiro a maio): 24.372,18 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 209.692,33 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(363).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (TR 351F 2023/38-5). EXPTE. 20082/77.

Visto o informe de fiscalización do 10/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de marzo de 2023, acordou:

• **ÚNICO:** Corrixir, de conformidade co artigo 109 da LPAC, o erro aritmético advertido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23/02/2023, con respecto ás cotas empresariais á Seguridade Social dacordo co disposto na Orde PCM/74/2023, de 30 de xaneiro:

1.- Aprobar a memoria do servizo de *Desenvolvemento Local e Emprego*, "**Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III**", que se achegou no anexo I do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 23/03/2023, para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2023, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **478.811,70 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

4.- Delegar na tenente de alcalde e concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, Dña Elena Espinosa Mangana, a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ANEXO I:

Resumo de proxecto memoria do servizo:

Grupo Cotiza Seg. Soc.	Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Nº MESES: 9	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses e postos)
8	10	Ofi. albanel	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	123.166,80 €
8	3	Ofi. conducción	848,17	141,36	989,53	989,53	84/f	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	36.950,04 €
8	1	Ofi. fontaneiro	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
8	1	Oficial pintor	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
10	25	Peón construción	810,00	135,00	945,00	945,00	84/d	38,30	361,94	1.306,94	11.762,46	294.061,50 €
TOTAL	40						Xornada 75%					478.811,70 €

II. Con data 09 de maio de 2023 recíbese a notificación electrónica da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2023/38-5, por resolución da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data, tamén, 09 de maio de 2023 en base á "ORDE do 09 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 22, do mércores 01 de febreiro de 2023, pola que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **478.811,70€** para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.

A devandita resolución supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 19917/77).

III. De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto e, previo do informe da Intervención Xeral Municipal, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data 09 de maio de 2023 en base á orde do 09 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 22, do mércores 01 de



Concello de Vigo

*febreiro de 2023, (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 TR351F 2023/38-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **478.811,70€** para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2023/38-5.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(364).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 9174/335.

Visto o informe xurídico de data 04/05/2023 e o informe de fiscalización do 08/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 02/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de abril de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de redacción de plans de Emerxencia e Autoprotección e coordinación de seguridade nos eventos programados polo Servizo de Festas.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local na sesión de 16 de xuño de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade nos eventos programados polo Servizo de Festas, coas seguintes condicións:

“Adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO. (**.*08.87*) o lote 1 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e Coordinación da seguridade para grandes eventos” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de festas (9174-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 20.388,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.538,50 euros.
- b) Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC de 15,00%.
- c) O medio persoal mínimo á adscribir á execución do contrato elaborou nos últimos 5 anos 19 plans de Autoprotección para actividades de espectáculos

públicos e recreativas, conforme ao RD393/2007, de 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.

Adxudicar a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9174-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 22.687,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.937,50 euros.
- b) Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 20%.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *PRAZO TOTAL: un ano*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, unha prórroga dun ano de duración*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 20 de xuño de 2022.”.*

4.- Formalización do contrato:

O contrato de PEDRO MURCIEGO DELGADO. (**.*08.87*) o lote 1, foi formalizado en data 20 de xuño de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Establecese unha prórroga dun ano de duración”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 20 de xuño de 2023.

O contrato de NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2 foi formalizado en data 21 de xuño de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Establecese unha prórroga dun ano de duración”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 20 de xuño de 2023.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que “Este contrato



Concello de Vigo

poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

En data 10 de abril de 2023 o adxudicatario PEDRO MURCIEGO DELGADO recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga do Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e Coordinación da seguridade para grandes eventos, conforme ao estipulado no mesmo..

En data 10 de abril de 2023 a adxudicataria NURIA BALBOA RODRÍGUEZ recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga do servizo de redacción de Plans de Emerxencia e Autoprotección e Coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Festas, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Festas enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 21/06/2023 e o 20/06/2024.

7.- Orzamento:

- Con data do 16/06/2023 a XGL acordou adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) o lote 1 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) sendo o prezo máximo do lote é de 20.388,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.538,50 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 20.388,50 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 16.310,80 euros (80% de 20.388,50€) con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 21 de xuño a decembro) e 4.077,77 euros (20% de 20.388,50 €) con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 20 de xuño) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

- Con data do 16/06/2023 a XGL acordou adxudicar a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos

programados polo Servizo de Festas (9.174-335) sendo o prezo máximo do lote é de 22.687,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.937,50 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 22.687,50 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 18.150,00 euros (80% de 22.687,50€) con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (do 22 de xuño a decembro) e 4.537,50 euros (20% de 22.687,50 €) con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 21 de xuño) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) dos exercicios 2023 e 2024. conforme a anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300002938, por importe de 16.310,80 euros, de retención de crédito (Lote I) e RC 202300002939, por importe de 18.150,00 euros, de retención de crédito (Lote II) para a tramitación da primeira parte da prórroga do contrato (do 21 de xuño a decembro).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (expte. 9174/335) para o período comprendido para o lote 1 entre o 21/06/2023 e o 20/06/2024 e para o Lote 2 entre o 22/06/2023 e o 21/06/2024 dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 20.388,50 euros correspondente a esta prórroga, a favor de PEDRO MURCIEGO DELGADO. (**.*08.87*) o lote 1. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 21/06/2023 a 31/12/2023): 16.310,80 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 20/06/2024): 4.077,70 euros

3º.- Autorizar e comprometer un importe de 22.687,50 euros correspondente a esta prórroga, a favor de NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 22/06/2023 a 31/12/2023): 18.150,00 euros



Concello de Vigo

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 21/06/2024): 4.537,50 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(365).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA “ NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU”. EXPTE. 11183/307.

Visto o informe xurídico de data 25/04/2023 e o informe de fiscalización do 12/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 04/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 20 de febreiro de 2023, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 30/01/2023 que delega na Tenente de alcalde e concelleira da Área de Patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do **PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA**.
- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, de data 20 de febreiro de 2023.
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico de data 20 de febreiro de 2023 para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, que é informado favorablemente pola OSPIO e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 9 de febreiro de 2023 e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria económica asinada o 21 de febreiro de 2023 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico .
- Memoria xustificativa asinada o 21 de marzo de 2023 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 11 de abril de 2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Dito proxecto forma parte das actuacións presentadas no marco do expediente 1253/441 da aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente o exercicio 2022 de AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, polo cal esta inversión é financiada neste marco financeiro e como tal debe cumprir coa normativa de aplicación de acordo co Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1030. /2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria. e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar a documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.



Concello de Vigo

Así mesmo o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas de ser o caso e garantirán o respecto ao principio de "non causar dano Significativo" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento do axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e os seus normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar dano significativos", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- ACORDO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 11 de abril de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €) con cargo á aplicación orzamentaria 3360.6320021 (INVESTIMENTO DE MELLORA DO PAZO DA RAPOSEIRA) co proxecto asociado 22336021 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):

2023	1.387.562,94 EUROS
2024	462.520,97 EUROS

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(366).- BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO, DAS PRAZAS OFERTADAS POLO SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO. EXPTE. 41758/220.

Visto o informe de fiscalización de data 10/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 04/05/2023, asinado pola técnica Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- Con data 31/05/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente adoptou o acordo de aprobación da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo – exped. 39.998/220 – (publicacións oficiais no BOP núm. 103 de data 31/05/2022 e DOG núm. 109 de data 08/06/2022). Rectificación por acordo de XGL de data 09/01/2023 de erro detectado na denominación de 1 praza incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo exped. 41622/220 – (publicacións oficiais no BOP núm. 34 de data 17/02/2022)

II. - Con data 15/09/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da resolución de alegacións presentadas á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo – exped. 39.998/220 – (publicacións oficiais no BOP núm. 183 de data 23/09/2022 e DOG núm. 196 de data 14/10/2022).

III. - Con data 23/12/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de aprobación dos criterios xerais, da convocatoria e bases reitoras dos procesos selectivos tendentes á execución da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo (prazas a ofertar polo sistema selectivo de concurso) – exped. 41.378/220 – (publicación oficial no BOP núm. 249 de data 30/12/2022).

IV.- Consta no expediente (trámite 23) informe de impacto de xénero de data 04/05/2023 exisido pola Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A aprobación do Real Decreto 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, de 29 de decembro do 2021) establece, entre outras, a obriga para as Administracións Públicas de aprobar un Plan de Estabilización do Emprego Temporal, tendente á reorientación das singulares dinámicas que na xestión pública de recursos humanos se teñen desenvolto nas últimas décadas pola práctica totalidade de Administracións Públicas territoriais.

Así, a norma indicada -que modifica profundamente o real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)- contempla no seu artigo 2 dedicado aos Procesos de estabilización de emprego temporal:

1. Adicionalmente a lo establecido en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017 y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estén o no dentro de las relaciones de puestos de trabajo, plantillas u otra forma de organización de recursos humanos que estén contempladas en las distintas Administraciones Públicas y estando

dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2020.

Sin perjuicio de lo que establece la disposición transitoria primera, las plazas afectadas por los procesos de estabilización previstos en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, serán incluidas dentro del proceso de estabilización descrito en el párrafo anterior, siempre que hubieran estado incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público de estabilización y llegada la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, no hubieran sido convocadas, o habiendo sido convocadas y resueltas, hayan quedado sin cubrir.

2. Las ofertas de empleo que articulen los procesos de estabilización contemplados en el apartado 1, así como el nuevo proceso de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos diarios oficiales antes del 1 de junio de 2022 y serán coordinados por las Administraciones Públicas competentes.

La publicación de las convocatorias de los procesos selectivos para la cobertura de las plazas incluidas en las ofertas de empleo público deberá producirse antes del 31 de diciembre de 2022.

La resolución de estos procesos selectivos deberá finalizar antes del 31 de diciembre de 2024.

3. La tasa de cobertura temporal deberá situarse por debajo del ocho por ciento de las plazas estructurales.

4. La articulación de estos procesos selectivos que, en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, podrá ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración General del Estado, comunidades autónomas y entidades locales, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes Administraciones Públicas en el desarrollo de los mismos en el seno de la Comisión de Coordinación del Empleo Público.

Sin perjuicio de lo establecido en su caso en la normativa propia de función pública de cada Administración o la normativa específica, el sistema de selección será el de concurso-oposición, con una valoración en la fase de concurso de un cuarenta por ciento de la puntuación total, en la que se tendrá en cuenta mayoritariamente la experiencia en el cuerpo, escala, categoría o equivalente de que se trate pudiendo no ser eliminatorios los ejercicios en la fase de oposición, en el marco de la negociación colectiva establecida en el artículo 37.1 c) del Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.

So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos



Concello de Vigo

Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, no periodo comprendido entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCENTOS MIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, NO PERIODO COMPENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2022 E O 31 DE OUTUBRO DE 2023.

Primeira.- OBXECTO E RÉXIMEN XERAL DA CONVOCATORIA.

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de

execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

2.- O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo desta convocatoria será dende o 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023, ambos inclusive.

3.- O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

4.- O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (CINCOCEMIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

Segunda.- OBXECTIVO XERAL DA CONVOCATORIA.

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de titularidade municipal, dotando dunha serie de actividades socioculturais que profundicen na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

Terceira.- CONVOCATORIA.

As convocatorias para o outorgamento das subvencións axustaranse ao disposto polas bases reguladoras correspondentes.

A convocatoria establecerá como mínimo:

1. Obxecto.
2. Partida económica e créditos máximos adicados.
3. Procedemento de concesión.
4. Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
5. Requisitos das e dos solicitantes.
6. Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO).
7. Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
8. Ámbito temporal dos actividades e gastos subvencionables.

Cuarta.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

1.- Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e sen dúbida á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan realizados dentro do prazo establecido para a execución desta. Con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

* Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.

* Gastos de viaxes, aloxamentos, axudas de custo, produción técnica e escenográfica.



Concello de Vigo

* Pagamentos derivados polo cumprimento do R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..

* Contratación de servizos técnicos e profesionais.

* Alugueiro de materiais e/ou equipos técnicos.

* Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).

* Gastos derivados do alugueiro e utilización dos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" pola actividade subvencionada.

2.- En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
- Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
- Os custos de atencións protocolarias e representativas.
- Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos, as taxas e o IVE.

- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de goce público.
- Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).
- En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.

2.- En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Sexta.- REQUISITOS DAS E DOS SOLICITANTES.

1.- Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- 2.- Que a entidade solicitante exerza de promotora/organizadora directa da actividade proposta.
- 3.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- 4.- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- 5.- Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 6.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.
- 7.- As condicións para poder acceder ás axudas da presente convocatoria deberán manterse até a liquidación da subvención concedida.

2.- Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

Sétima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal (www.vigo.org).

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Un ou unha mesma solicitante poderá pedir subvención para unha ou varias actividades que cumpran os requisitos establecidos nestas.



Concello de Vigo

2.- Prazo de presentación das solicitudes: nos **20 días hábiles** seguintes a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.- Limitacións da concesión da subvención: O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 50 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

5.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

6.- De conformidade coa normativa de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Xunta de Galicia, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación expedidas pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

Oitava.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.

1.- Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

- a.- Fotocopia do CIF da entidade e do NIF do/a seu representante legal.
- b.- Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.
- c.- Escritura de constitución e/ou dos estatutos sociais debidamente inscritos no rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.
- d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles/as solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.
- e.- As e os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polas e polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.
- f.- Memoria de execución da actividade proposta: descrición da actividade, obxectivos perseguidos, tipoloxía organizativa, plan de campañas de difusión e/ou calquera outra información de interese.

g.- No caso de que a actividade xa fose realizada, aportarase copia da folla de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.

h.- Memoria económica de ingresos e gastos da actividade proposta, detallados por conceptos:

- Previsión de gastos: relación de conceptos e contías adicadas a cada un dos elementos da actividade proposta.
- Previsión de ingresos: achegas de entidades públicas ou privadas, recursos propios da entidade, venda de entradas, cota de inscricións....

2.- Cando o/a solicitante propoña máis de unha actividade para subvencionar ao abeiro da presente convocatoria, só achegará para a segunda actividade e/ou sucesivas, a documentación correspondente aos apartados f), g) e h).

3.- No suposto de que o/a solicitante achegase anteriormente esta documentación, ou parte dela, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPACAP, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foron presentados.

4.- De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á/ ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente aquelas que presenten algún dos seguintes supostos:

a).- Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

e).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

f).- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

g) Aquelas que non presenten unha actividade específica.

h).- Aquelas entidades que conforme cos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.



Concello de Vigo

i).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Décima.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Comisión de valoración:

A comisión de avaliación das solicitudes presentadas ao abeiro da presente convocatoria estará formada polas seguintes persoas ou persoa en quen deleguen:

* Presidente: concelleiro-delegado da Área de Cultura

* Vogais:

– Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural

– Xefa de negociado de programación cultural do servizo da Área de Cultura

* Secretaria: a Letrada-Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal, con voz e sen voto.

A Comisión de valoración analizará previamente cada solicitude para comprobar que cumpre os requisitos que se establecen na base anterior e que, en caso afirmativo, procede aplicar pos criterios de valoración que se relacionan a continuación. En caso contrario, a comisión proporán a súa desestimación xustificada.

2.- Criterios de valoración:

A comisión de valoración citada no punto anterior terá en conta os criterios relacionados na base décima.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo II) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, según o indicado pola entidade no anexo III, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	De 11 a 15 euros	De 16 a 20 euros	De 21 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

Décimo primeira.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO.

A instrución do procedemento de concesión da presente convocatoria correspóndelle ao Servizo da Área de Cultura, que comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se corrixa a solicitude ou complete a documentación preceptiva. De non facelo así, teráselle por desistido/a da súa solicitude e arquivarase o expediente, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 e 68 da LPACAP.



Concello de Vigo

Décimo segunda.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

1.- Rematada a instrución do procedemento, as solicitudes remitiranse á comisión de avaliación que as valorará de forma conxunta con base nos criterios previamente establecidos, en réxime de concorrencia competitiva.

2.- En cumprimento do disposto no art. 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que as e os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas, segundo a información que obra no seu poder.

3.- A valoración individual das subvencións determinarase coa exclusión, en primeiro lugar, das solicitudes ás que se refire a base novena, para seguir coa valoración das restantes solicitudes conforme co establecido na base décima.

4.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación, para xeral coñecemento, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada. A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse opcionalmente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. O acto poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ao amparo do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 e 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo, segundo o artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Remitiránelles aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, notificarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instrutor.

5.- Conforme co disposto no artigo 94.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as e os solicitantes/beneficiarios poderán desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos; neste caso o Concello de Vigo ditará resolución da

súa aceptación e declarará concluído o procedemento conforme o artigo 63.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

f) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

g) Comunicarlle á Concellería-delegada da Área de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación correspondente, ou ben para reducir o importe da subvención concedida ou solicitar o reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

h) A concesión da subvención á entidade implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de



Concello de Vigo

responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co desenvolvemento do evento.

l) Dar cumprimento ao Plan de autoprotección do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

Décimo cuarta.- PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Xa que logo, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación nela admitido, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación (para a xustificación) das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser realizados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), e esixiráselle a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.- Prazo de xustificación: o límite para presentar a documentación xustificativa será o 11 de novembro de 2023.

3.- Documentación para incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento da subvención.
- b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.
- c) Memoria económica que contará co balance detallado da totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; Datos que han ser acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- d) Aportarase copia da folla de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.
- e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- f) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, que as obriga de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado coa dedución do IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, de seren persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, coa dedución do IVE

i) So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do/da beneficiario/a. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1.- Revogación: Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- Renuncia: O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

3.- Nulidade: En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

4.- Reintegro: Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5.- Infraccións e sancións: En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as e os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétima.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

1.- A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para tales efectos, as administracións concedentes deberán remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

2.- De acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

3.- Os e as beneficiarias deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

Os e as beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Décimo oitava.-SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O persoal técnico do Servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención. Tamén de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; será responsable do seu tratamento a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

Vixésima.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o R.D, 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, TRLRFL; Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do R.D. 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Vixésimo primeira.- SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA.

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases. A participación suporá a aceptación íntegra dos seus requisitos.

As incidencias non consideradas expresamente na convocatoria serán resoltas polo órgano instrutor con sometemento ao disposto na lexislación aplicable previamente referida.

Vixésimo segunda.- DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En virtude do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publidade de Subvencións; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva seguinte:

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2022 E O 31 DE OUTUBRO DE 2023.



Concello de Vigo

Primeira.- OBXECTO

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

Segunda.- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

Terceira.- PROCEDIMENTO

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDES

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da LPAC establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Quinta.- SOLICITANTES

Poderán solicitar subvención ao abeiro desta convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos da convocatoria.

Sexta.- LUGAR ONDE OBTEN AS BASES REGULADORAS E FORMULARIOS.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>),

Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte ao da publicación no BOPPO, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétima.- ÁMBITO TEMPORAL E DE APLICACIÓN DAS ACTIVIDADES E GASTOS A SUBVENCIONAR

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao abeiro da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

Oitava- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederá a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo II) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.



Concello de Vigo

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, según o indicado pola entidade no anexo III, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	De 11 a 15 euros	De 16 a 20 euros	De 21 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

EXTRACTO PARA SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2022 E O 31 DE OUTUBRO DE 2023.

TÍTULO.

Extracto do acordo de data XX de XXXX de 2022 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", no periodo comprendido entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante, BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeira.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar subvención, ao abeiro desta convocatoria, as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023, ambos inclusive.

Segunda.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

Terceira.- BASES REGULADORAS

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Estarán a disposición das e dos interesados no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de Información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte da publicación no BOPPO.

Cuarta.- CONTÍA

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a BDNS que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (www.vigo.org).



Concello de Vigo

12(368).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN KV2211 PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 2023. EXPTE. 4888/330.

Visto o informe xurídico do 03/05/2023 e o informe de fiscalización do 15/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado e Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 9 de marzo do 2023, a "Asociación KV2211" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo KV2211 a realizar durante o exercicio 2023; por este motivo, con data 11 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade "**ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da "ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211". A ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Domingo 18 de decembro 2022: Concerto de Nadal 2022. "Vigo é Nadal, Vigo é Música"

Formación: Orquestra Infantil, Xuvenil, Tutti e coro de amigos da Kv2211

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 8 de xaneiro 2023: Concerto de Aninovo. "Aninovo Musical"

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 25 de marzo 2023: Reconquista. "Música para unha reconquista"

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Igrexa Colexiata

Sábado 13 de maio 2023: Concerto das letras galegas. "A forza dunha lingua"

Formación: Orquestra Infantil e xuvenil

Lugar: Por determinar

Domingo 18 de xuño 2023: Día da Música

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 21 de outubro 2023: Música clásica polas parroquias

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural dalgunha parroquia de Vigo

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 12.195 € (doce mil cento noventa e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 2.195 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 22.03.2023 (doc. 230074095)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á a "Asociación KV2211" para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación KV2211" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación KV2211" ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.21** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación KV2211" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Asociación KV2211, CIF. G-27860667, para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 "ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL KV2211", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación KV2211 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" do ano 2023".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTRA CLÁSICA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 DO ANO 2023

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. José Manuel Fernández Rosado, na súa condición de presidente do "Asociación KV2211" (CIF: G-27860667) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cerqueiro núm. 3, 1º F, CP 36212 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle



Concello de Vigo

outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a entidade " **ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da "Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo KV2211" .A Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN KV2211**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.21, como subvención nominativa, a favor da "**ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211**", a cantidade de 10.000 euros.*

IV.- Que a "ASOCIACIÓN KV2211" non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de

colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos da *ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211* durante o exercicio 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 12.195 € (doce mil cento noventa e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 2.195 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Domingo 18 de decembro 2022: Concerto de Nadal 2022. “Vigo é Nadal, Vigo é Música”

Formación: Orquestra Infantil, Xuvenil, Tutti e coro de amigos da Kv2211

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 8 de xaneiro 2023: Concerto de Aninovo. “Aninovo Musical”

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 25 de marzo 2023: Reconquista. “Música para unha reconquista”

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Igrexa Colexiata

Sábado 13 de maio 2023: Concerto das letras galegas. “A forza dunha lingua”

Formación: Orquestra Infantil e xuvenil

Lugar: Por determinar



Concello de Vigo

Domingo 18 de xuño 2023: Día da Música

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 21 de outubro 2023: Música clásica polas parroquias

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural dalgunha parroquia de Vigo

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Amancio Fernández Pérez, tesoureiro da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co

obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

9. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
10. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.



Concello de Vigo

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



Concello de Vigo

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2022 e o 12 de novembro do 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.



Concello de Vigo

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este



Concello de Vigo

non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2023

Orzamento programación 2023 Orquestra Kv2211			
Ingresos		Gastos	
Concepto	Importe	Concepto	Importe 2023
Aportación Concello de Vigo	10.000,00 €	Aluguer locais	1.500,00 €
Recursos propios asociación kv2211	2.195,00 €	Colaboracións musicais nos concertos	6.000,00 €
		Adaptación e arreglos de obras	500,00 €
		Partituras	700,00 €
		Compra de material orquestra	750,00 €
		Gastos de produción	500,00 €
		Gastos de gestoría	550,00 €
		Seguro de accidentes	405,00 €
		Seguro de R.C.	390,00 €
		Programas e cartelería dos concertos	400,00 €
		Limpieza Montaje/desmontaje local de ensaios	500,00 €
TOTAL INGRESOS	12.195,00 €	TOTAL GASTOS	12.195,00 €

13(369).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FUNDACIÓN MAYEUSIS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO 2023. EXPTE. 4906/330.

Visto o informe xurídico do 03/05/2023 e o informe de fiscalización do 15/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado e Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da entrada na sede electrónica municipal o 17 de marzo do 2023, a Fundación Mayeysis presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "Programa Conexións Vigo 2023" ; por este motivo, con data 20 de marzo do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 70.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.26 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-



Concello de Vigo

Pola súa banda, o art. 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daqueles, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. A estes efectos, corresponde ao Instituto Nacional de Estatística, xunto coa Intervención Xeral da Administración do Estado, efectuar a clasificación dos axentes do sector público local aos efectos de determinar, dos entes que integran o sector público local, os que consolidan os seus orzamentos.

En definitiva, as entidades a considerar serán as unidades que foran clasificadas como Administracións Públicas na última clasificación dispoñible para cada exercicio. Consultado o inventario de entes elaborado pola Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do MHFP, constan sectorizadas como AAPP pola IGAE, ademais do Concello de Vigo, a Xerencia Municipal de Urbanismo, a Fundación Marco, a Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI) e a Vigo Convention Bureau.

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA PROMOCIÓN DA MARCA “VIGO” DURANTE O ANO 2023”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800013 (PROMOCION DA MARCA “VIGO”) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(371).- AMPLIACIÓN E CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DESCONTINUA DAS RÚAS BUEU-MOAÑA DO POLÍGONO DE COIA. EXPTE. 4332/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2023, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Como parte do procedemento da **Ampliación e cambio de denominación da Área de Rehabilitación Integral Xeral descontinua das rúas Bueu-Moaña, do polígono de Coia** a “Área de Rehabilitación



Concello de Vigo

Integral de Ámbitos Urbanos de Coia” e cumprindo con Artigo 8 do Decreto 18/2014 do 25/02/2014, publicado no DOG número 38, emítase o seguinte informe-proposta:

1. ANTECEDENTES

O Xerais

As 360 vivendas de promoción pública incluídas na declaración inicial neste ámbito, pertencen a dúas actuacións de VPP construídas nos anos 1968 e 1973 e o forman 45 bloques de catro plantas e 8 vivendas, obtiveron a súa cualificación de Vivendas Protexidas en 05/01/1968 a provisional o primeiro grupo e 14/07/1973 a cualificación definitiva o segundo grupo pola resolución da Dirección Xeral do Ministerio de Vivenda.

O ámbito delimitado, ocupaba unha superficie de 26.322,22 m², e se estendía polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía e Arousa.

Moitos veciños das zonas limítrofes ao ámbito xa declarado, e en xeral de todo o Polígono de Coia, achegáronse nos últimos anos pola Oficina de rehabilitación coa intención de solicitar axudas e os representantes veciñais do barrio intentan ampliar a Área de Rehabilitación para acadar unha solución aos problemas de conservación e accesibilidade das vivendas dado o crecente envellecemento da poboación e os problemas de accesibilidade aos pisos.

O ámbito tivo unha primeira ampliación que incluía 1.000 vivendas en 88 edificacións, cunha superficie de 70.411,10 m². A superficie total do ámbito neste momento é de 96.733,22 m², cun número total de vivendas de 1.360, agrupadas en 133 edificios. Correspóndese con parcelas do cuarteirón 09442 donde xa se atopaban as edificacións incluídas na ARI inicial declarada, e a maiores parcelas dos cuarteiróns 6439, 6408 e 9417.

O 6.10.2022 procedeuse a aprobar no Concello de Vigo, a declaración dun contorno denominado ERRP de Coia, para a tramitación de axudas ao abeiro do programa BARRIO regulado polo RD 853/2021 e pola Resolución do 8 de xullo de 2022, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 para o desenvolvemento do programa de barrios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nun proceso continuo de tratar de dar resposta ás continuas demandas dos particulares para poder rehabilitar as edificacións e vivendas con financiamento público nas mesmas condicións que as xa incluídas na delimitación, proponse unha segunda ampliación que coincida co contorno declarado para a rehabilitación enerxética do ERRP de Coia, que inclúe un total de 6.147 vivendas en 378 edificacións das cales 350 son edificacións residenciais, cunha superficie de 46,89Ha.

Redactando a memoria de ampliación do ámbito de Coia, detectouse un erro ao quedar duplicadas 168 vivendas, polo que o total das vivendas sería 5.979 en 350 edificacións residenciais.

A superficie total do ámbito neste momento da Área de rehabilitación integral Xeral Bueu-Moaña, é de 96.733,22 m², cun número total de vivendas de 1.360, agrupadas en 133 edificios. A superficie que se pretende incluír na delimitación ARI é de 372.121,14 m² con 4.619 vivendas en 217 edificios.

Relativos ó planeamento urbanístico

Redactouse un Plan Especial de Protección de Rehabilitación e reurbanización de espazos interiores, (a partir de agora PEPREI de Coia), pola arquitecta Cristina Cameselle Solá, que conta con aprobación definitiva no Pleno do Concello de Vigo do 28/10/2013. A zona que se pretende ampliar, ten características semellantes e problemáticas moi parecidas.

O ámbito do ARI declarado inicialmente, coincidía co delimitado de acordo coa reflectida no PEPREI COIA de Vigo, ocupaba unha superficie de 26.322,22 m², e se estendía polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa. Este ámbito tivo unha primeira ampliación declarada en novembro de 2018.

O PXOM de 2008 quedou derogado por sentenza do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o **PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.A, residencial de edificación aberta de alta intensidade** e parte das zonas baleiras están dentro da ordenanza 3.1.A de zonas libres, parques e xardíns.

Neste momento se está nun período de suspensión de licenzas derivado da aprobación inicial dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto pódense obter licenzas sempre que simultaneamente cumpíranse as condicións do plan vixente e as do plan aprobado inicialmente.

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, accesibilidade, obras exteriores, e obras de mellora da eficiencia enerxética, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

A área proposta es coincidente co contorno declarado ERRP de Coia e coincidente co Polígono do Plan Parcial de Coia dos anos 70 onde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado que mantén unha identidade no polígono de Coia por ter un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente e de mellora da eficiencia enerxética sempre que se obteña unha redución de, polo menos, o 30% do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética.

2. SITUACIÓN ACTUAL DO ÁMBITO

A superficie actual declarada como ARIX das rúas Bueu-Moañ acada a superficie de 96.733,22 m² (9,67 Has). A superficie da ampliación proposta sería de 372.121,14m² (37,21 Has), onde tamén están incluídas a superficie de viario, zonas libres e equipamentos públicos exteriores. A superficie total do



Concello de Vigo

ámbito proposto, sumada a da Área xa declarada, será de 468.854,36 m² cunha superficie construída de 602.106 m² coincidente coa declarada ERRP de Coia, que inclúe un total de 5.979 vivendas agrupadas en 350 edificios residenciais. Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas entre os anos 1961 e 1983.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 80 e foi forito dun plan parcial, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Non todos os espazos públicos contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso é de titularidade privada ao non ser transferidas todas as propiedades do solo por grupos de actuacións diferentes, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, algúns de carácter residual e outros con actuacións de calidade de zonas residenciais, zonas atópanse na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos sen ter resolta a continuidade coa trama urbana contigua.

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con baldosa de formigón, formigón, vexetación, asfalto e terra compactada.

A ARI proposta está composta por un ámbito continuo con bloques de vivendas de diferentes facturas, algunhas construídas pola administración pública e outras construídas por cooperativas creadas ao efecto. Esteriormente e interiormente, as edificacións presentan un estado moi desigual de conservación atendendo principalmente ás labores de mantemento que realizan os veciños ou a carencia desas tarefas.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas e da mellora da eficiencia enerxética, provoca a necesidade de intervención nunha importante superficie do ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renta ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios e a aplicación dun financiamento público como é o caso dos fondos NextGenerationEU e fondos propios da CA e do Estado.

A día de hoxe temos en execución as seguintes fases para a ARIXD das rúas Bueu-Moaña en Coia e a súa ampliación:

Fase 1. No marco deste convenio e addendas, están asinadas un total de 126 actuacións e 253.391,60€, para actuacións de rehabilitación. Están realizadas 69 actuacións cunha subvención de 104.721,38 €. Quedan dispoñíbeis 57 actuacións e 148.670,22 € do Ministerio destinados a rehabilitación. Rematouse unha obra de reurbanización e temos dispoñible unha actuación con 17.327,51€ de financiamento do Ministerio.

Fase 2. No marco deste convenio e addendas, están asinadas un total de 50 actuacións e 113.750€ do Ministerio e 32.500€ da Xunta, para actuacións de rehabilitación. Están rematadas 25 actuacións cun financiamento de 73.669,84 € do Ministerio e 18.990,20 € da Xunta de Galicia. Quedan dispoñíbeis 25 actuacións, con 40.080,16€ do ministerio e 13.509,80 € da Xunta de Galicia destinados a

rehabilitación. Ademais habería a posibilidade de realizar 2 actuacións de urbanización cun financiamento máximo de 86.395€ do Ministerio.

Fase 3. No marco deste convenio e addendas, están asinadas un total de 130 actuacións con 368.325 euros do Ministerio e 77.850 da Xunta para obras de rehabilitación. Están rematadas e contan con cualificacións definitivas, 104 actuacións de rehabilitación cunha achega de 359.778,19 € do Ministerio e 56.882,02 € da Xunta de Galicia, polo que quedan dispoñibles 26 actuacións, con 8.546,81€ do Ministerio e 20.967,98€ da Xunta de Galicia destinados a rehabilitación.

Fase 4. No marco deste convenio, están asinadas un total de 60 actuacións de rehabilitación, con 221.900,40 € do Ministerio e 36.000 € da Xunta de Galicia para rehabilitación. Están rematadas e contan con cualificacións definitivas, 53 actuacións cun financiamento de 200.387,04€ do Ministerio e 31.582,18 € da Xunta de Galicia. -Están dispoñibles 7 actuacións de rehabilitación, con 21.513,36€ do Ministerio e 4.417,82€ da Xunta.

Fase 5. No marco deste convenio, están asinadas un total de 35 actuacións de rehabilitación con 96.228 € do Ministerio e 17.500 da Xunta. Están rematadas 11 actuacións de rehabilitación con cualificación definitiva cunha achega de 20.033,14€ do Ministerio e 3.619,29€ da Xunta de Galicia. Quedan dispoñibles 24 actuacións de rehabilitación, 76.194,86 do Ministerio e 13.880,71€ da Xunta.

Fase 6. No marco deste convenio están asinadas un total de 80 actuacións de rehabilitación con 336.000 € do Ministerio e 56.000 da Xunta. Están seleccionadas 75 actuacións de rehabilitación cunha achega de 243.253,76 € do Ministerio e 46.957,68 € da Xunta de Galicia. Están dispoñíbeis 5 actuacións de rehabilitación (92.746,24+9.042,32€). Da selección realizada na primeira convocatoria, quedaron 54 actuacións en lista de espera.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural.



Concello de Vigo

Con esta ampliación proposta, trátase de dar as mesmas facilidades aos residentes de ámbito creado mediante o Plan Parcial de Coia como referente da vivenda protexida para desenvolver a cidade de Vigo no seu momento.

4. PLAN ESTATAL 2018-2021

A día de hoxe, está en vigor o Plan Estatal 2022-2025 que non contempla a figura de ARI como tal, por este motivo faise referencia para a presente ampliación de declaración, no anterior Plan Estatal.

O 10.03.2018 publícase o Real Decreto 106/2018 do 09.03.2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

O 16.08.2018 publícase a Resolución de 31 de xullo de 2018, da Secretaría General de Vivienda, na que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

O 17.08.2018 publícase a Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 16.06.2021 publica no DOG, a R.03.06.2021 que abre prazo para solicitude de financiamento para a anualidade 2021.


6. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DA DECLARACIÓN DE ARI

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a Ampliación da declaracións de ARI de Bueu-Moaña, do polígono de Coia, de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:


“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito proposto que se recolle no seguinte plano e foto aérea, e **Declarar “Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Coia” en Vigo** na que o 92,59 % da súa edificabilidade é de uso residencial e polo tanto, cumpre que polo menos un 70% da superficie construída sobre rasante, podéndose excluír as planta baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existente dentro da delimitación da ARIAU ou da edificabilidade resultante segundo o planeamento vixente, ten como uso principal o residencial de vivenda.





Concello de Vigo



SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa e documentación que se xunta no expediente para proceder á **Declaración de “Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Coia” en Vigo.**

TERCEIRO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a ampliación do ámbito declarado como **“Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Coia” en Vigo** segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos anexos á Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse **ao mantemento dunha Oficina Municipal de Rehabilitación**, con medios suficientes, e comprometerse a actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico, así como de tramitar os correspondentes procedementos con arranxo aos requisitos que a CA e os Plans Estatais de vivenda, recollan na súa redacción.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos **Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e na Resolucions polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve ou lexislación que os substitúan no seu momento e sexa de aplicación a este tipo de programa.**

SEXTO.- Remitir ao IGVS a través da sede electrónica a presente solicitude para a ampliación e cambio de denominación como “**Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos de Coia**” en Vigo.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente ou á Concelleira delegada para a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 09/05/2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación proxecto obradoiro de emprego “FORMAWEB V” e solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Expte. 20059/77.
- .- Subvención a favor da Entidade Club Ciclista Rías Baixas en relación á organización do evento “III Vigo Copa de España”. Expte.22551/333.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP. Expte. 10056/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



Concello de Vigo

16(372).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB V" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 20059/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 16/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local e pola concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 21, do 24 de abril deste ano, publicouse a Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas con idades comprendidas entre os 25 e os 30 anos. A Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II, III e IV-, Escola Obradoiro "Vigozoo", obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII, Obradoiro de emprego "Vigo Prepara", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "FORMAWEB I, II, III e IV") un novo proxecto denominado Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB V**", propoñendo as especialidades de **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)** e **Seguridade Informática (IFCT0109)**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 03/05/2021 a Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do do 12 de abril de 2023.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado co desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web e sistemas de xestión da información levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego FORMAWEB V**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrência a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 16 alumnos/as nas especialidades de “Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)” e “Seguridade Informática (FCT0109_3)”, cuxo obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Programación web no contorno cliente.
2. Programación web no contorno servidor.
3. Implantación de aplicacións web en contornos internet, intranet e extranet.
4. Seguridade en equipos informáticos.
5. Auditoría de seguridade informática.
6. Xestión de incidentes de seguridade informática.
7. Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos.
8. Xestión de servizos no sistema informático.

A duración do “Obradoiro de Emprego FORMAWEB V” está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 01 de setembro do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Centro Municipal Ríos Teis, na rúa Baixada a Ríos 86, que está adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria),



Concello de Vigo

xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **428.599,68 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro FORMAWEB V, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2023 e 2024 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2023, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

Partida	2023	2024
2410 2219901 ADQUISIÓN MATERIALES PROTECCIÓN COVID	15.000,33€	30.000,67€

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

2. Solicitar á Consellería de de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “*Orde do 12 de abril de 2023* pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027”, publicado no DOG. núm. 21, do 12 de abril deste ano.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB V”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(373).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “III VIGO COPA DE ESPAÑA”. EXPTE.22551/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 16/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención directa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890001 a favor da entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS pola organización do evento deportivo “III Vigo Copa de España”.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade Club Ciclista Rias Baixas, solicitou ó Concello de Vigo con data 17.03.2023 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, do evento “III Vigo Copa de España”, que terá lugar os días 21.05.2023.

O proxecto da entidade fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran afluencia de público e unha ampla difusión en medios de comunicación.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da “III Vigo Copa de España”, segundo o presuposto presentado pola entidade Club Ciclista Rias Baixas, ascenden a un total de 20.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que

a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral do evento, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados.

O gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 50.000,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 20.000,00 € en concepto de subvención.

A celebración deste evento deportivo na cidade de Vigo supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"

